

LIBERALISMO E HISTORICISMO.

A contemplación histórica de España como nación constitucional na obra de D. José Alonso López y Nobal.

Alfonso Mato

Dende o inicio da guerra da Independencia ata o comenzo dos anos que M. Artola¹ ten definido como de tránsito á monarquía constitucional (1834-1837), resulta defícil atopar algunha obra histórica sobre Galicia que mereza consideración como tal. Poderíamos dicir sobre a historiografía galega deste período o que J.M. Caso González sinala para a literatura española entre 1808 e 1830: "Todo lo que se anunciaba al comienzo del siglo se esfuma"². O pouco que anunciaba a historiografía galega no s. XVIII e nos primeiros anos do XIX quedou reducido a case nada entre 1808 e 1834. A historiografía apoloxética de La Huerta y Vega e Seguíñ, as monografías eruditas sobre o Voto de Santiago ou as dun ilustrado como Cornide non teñen continuación no primeiro tercio do s. XIX³. Haberá que esperar a 1838, coa publicación *Historia de Galicia* de Verey y Aguiar, para atopar unha

1 M. Artola, *La burguesía revolucionaria (1808-1874)*, Madrid, 1990, p. 63.

2 J. M. Caso González, "Epílogo. Entre dos siglos", F. Rico (dir.), *Historia y crítica de la Literatura española, Vd. IV, Ilustración y Neoclasicismo*, al cuidado de J.M. Caso González, Barcelona, 1983, p. 602.

3 Aínda que non existe ningún estudio monográfico sobre a historiografía galega no s. XVIII, pódense atopar algunhos datos de interese nas seguintes publicacións: X. R. Barreiro Fernández, "A Historia. Aproximación a unha historiografía galega (séculos XVI-XIX)", X. Castro e J. de Juana ed., *Historiografía galega*, IV Xornadas de Historia de Galicia, Ourense, 1988, pp. 45-55; O. Rey Castelao, *La Historiografía del Voto de Santiago*, Santiago, 1985, pp. 147-219; J.C. Bermejo Barrera, *Galicia y los griegos. Ensayo de historiografía*, Santiago, 1982, pp. 28-33.

Dentro dese "pouco que anunciaba" a historiografía galega nos s. XVIII hai diferencias notables. Mentres autores como Huerta y Vega e Pascasio de Seguíñ seguen ás fábulas históricas, as monografías dun Cornide inscribíense na historiografía erudita española do s. XVIII e están elaboradas, segundo X. R. Barreiro Fernández (1988, p. 54), "cos novos criterios historiográficos de depuración de fontes, superación do discurso mitolóxico e relectura da literatura histórica de orixe greco-romana".

obra continuadora da tradición erudita do século anterior. Ben é certo que a conxuntura política española (guerra e conflito absolutismo-liberalismo) non foi favorable ó desenvolvemento das actividades intelectuais. A penosa situación existente na España de Carlos IV, o país con "más estudantes y más ignorantes" de Europa segundo o liberal José Joaquín de Mora⁴, continuará nas décadas posteriores a 1808, exceptuando as breves parénteses liberais. Nos primeiros anos da guerra da Independencia o liberal Blanco White afirmaba desde Londres que leccións de Historia en España "no hay que puedan leerse en conciencia"⁵, frase que nos remite á pronunciada por Jovellanos en 1780 no seu Discurso de ingreso na Academia da Historia: "Yo no tengo empacho en decirlo: la nación carece de una historia"⁶. E a pesar dos esforzos dos historiadores eruditos, ilustrados e prerrománticos, a carencia continuaría ata a consolidación da revolución liberal⁷. Mentres, como sinala Moreno Alonso⁸, os estudos históricos, inclusive no seo dunha institución oficial como a Real Academia da Historia, experimentaron unha decadencia, sobre todo na segunda época do reinado de Fernando VII. Decadencia que non era máis que o reflexo da agonía intelectual pola que atravesaba o país e, en última instancia, seguindo

A historiografía ilustrada non conta con representación en Galicia. De tódolos xeitos os ilustrados galegos aplicaron o tratamento histórico ás distintas materias abordadas nas súas obras (Ciencias, Economía,...). Como apunta F. Dopico (*A Ilustración e a sociedade galega*, Vigo, 1978, p. 249): "As referencias históricas á economía, ao dereito, ás institucións, emerxen decote nas súas páxinas non como feitos ou datos aillados, senón alementos explicativos da realidade do seu país."

4 A frase de José Joaquín de Mora, referida ás Universidades españolas de finais do s. XVIII, está sacada de M. Moreno Alonso, *La generación española de 1808*, Madrid, 1989, p. 212.

5 A cita en Moreno Alonso (1989, p. 49).

6 A cita en A. Mestre Sanchís, "Conciencia histórica e historiografía", J. M^a Jover Zamora dir., *Historia de España*, t. XXXI, *La Ilustración*, Madrid, 1979, vol. 1, p. 333.

7 M. Moreno Alonso (*Historiografía romántica española*, Sevilla, 1979, p. 173) cita, neste mesmo sentido, ó historiador Fermín González Morón, que no seu *Curso de Historia de la civilización española* (Madrid, 1841) afirmaba: "el estado de los estudios históricos no ha adelantado desde Flórez, Capmany, Marina y Sempere". Os catro historiadores devanditos pertencen, seguindo a clasificación de M. Moreno Alonso, á historiografía erudita do setecentos (o primeiro) e á ilustrada (o segundo) e á prerromántica (os dous últimos) de finais do s. XVIII e principios do XIX. Sobre a historiografía erudita, ilustrada e prerromántica en España vid. M. Moreno Alonso (1979, pp. 137-174 e 484-515). Vid. tamén sobre a historiografía do setecentos en España: A. Mestre Sanchís (1979, pp. 299-345) e J. A. Maravall, "Mentalidad burguesa e idea de la Historia en el siglo XVIII", *Revista de Occidente*, t. XXXVI, 1992, n^o 107, pp. 250-286.

8 M. Moreno Alonso (1979, pp. 173 e 301).

a A. Elorza, das limitacións estruturais que durante tres décadas impiden tanto a restauración do absolutismo coma a consolidación da revolución liberal en España⁹.

Diante da difícil coxuntura política existente entre 1808 e 1834, desfavorable, como xa vimos, para o cultivo dos estudos históricos, ¿qué tipo de historia podería escribirse en Galicia? Como apunta Charles-Olivier Carbonell, cando as circunstancias políticas son dramáticas xorde "l'histoire immédiate"¹⁰ ou historia contemporánea, escrita polos autores e espectadores dos sucesos que se están a desenvolver no presente. Esta historia "inmediata" ou contemporánea, que será unha das dominantes na historiografía española do s. XIX¹¹, foi a practicada en Galicia, case exclusivamente, durante o primeiro tercio do século XIX. E o máis relevante dos *petits historiens* que relataron os sucesos da chamada Revolución española foi, sen dúbida, o liberal ferrolán D. José Alonso López y Nobal, autor dunha obra de carácter enciclopédico, as *Consideraciones generales*¹², na que desenvolveu diversos temas relacionados coa Historia de España, Galicia e a comarca ferrolán. A seguir trataremos de ofrecer un esbozo do personaxe e da obra, para logo adentrarnos na análise dunha parte da temática histórica presente nas *Consideraciones generales*, a relacionada coa súa visión da Historia de España, por canto entendemos que significa unha ruptura coas visións ofrecidas pola historiografía anterior á ruptura de 1808¹³.

-
- 9 A. Elorza, "El temido árbol de la libertad", J.-R. Aymes ed., *España y la Revolución francesa*, Barcelona, 1989, p. 117.
- 10 Charles-Olivier Carbonell, *Histoire et Historiens. Une mutation idéologique des historiens français 1865-1885*, Toulouse, 1976, p. 588.
- 11 Segundo P. Cirujano Marín, T. Elorriaga Planes e J. Sisinio Pérez Garzón (*Historiografía y nacionalismo español 1834-1868*, Madrid, 1985, pp. 54-7), a historia dos feitos contemporáneos é a predominante na historiografía española no período 1834-1868. M. Moreno Alonso (1979, pp. 356 e ss.), referíndose á historiografía española do s. XIX, sinala que: "Excepción hecha del pasado medieval nada interesó tanto al romanticismo como el análisis histórico del presente", engadindo que proporcionalmente "la historia contemporánea se estudia más, en extensión y en detalle, que el resto del pasado".
- 12 José Alonso López y Nobal, *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos, a favor de la libertad y fomento de los pueblos, y noticias particulares de esta clase, relativas al Ferrol y a su comarca*, Madrid, 1820. A obra, publicada de xeito anónimo, consta de 1.674 páxinas, en seis tomos, en tres volumes e un caderno con catro planos e dez láminas.
- 13 Cando falamos de "ruptura de 1808", e sen entrar agora no debate sobre a Revolución española, estémonos a referir exclusivamente á ruptura política do Antigo Réxime, e non á total disolución das súas estruturas socio-económicas. Por outra parte, a falta dunha denominación máis precisa empregaremos xenericamente a de "absolutistas" ou "reaccionarios", de uso bastante xeneralizado na historiografía sobre a época, para designar os autores opostos ás teses liberais, aínda sendo sabedores de que estas denominacións, como ten sinalado J. Varela Suances (*La Teoría del Estado en los orígenes del constitucionalismo hispánico (Las Cortes de Cádiz)* Madrid, 1983, p. 11) "además de ser imprecisas, tanto política como doctrinalmente, son inexactas".

1. Alonso López e as *Consideracións generales*

D. José Alonso López y Nobal, foi, sen ningunha dúbida, o político liberal galego máis sobranceiro das dúas primeiras décadas do século XIX. Sen embargo, e por diversas causas, unhas relacionadas coa súa propia biografía e outras derivadas do anárquico estado da documentación histórica en Galicia, das orientacións da historiografía galega contemporánea e da case nula dedicación que os investigadores galegos prestaron á historia das ciencias, a súa traxectoria biográfica e o seu pensamento político, económico e científico permanecen, na actualidade, case totalmente inéditos¹⁴.

Mariño, enxeñeiro e político, Alonso López (Ferrol 1763-1824) foi un home cunha formación marcada pola apertura e renovación científica que se produciu na España do século XVIII, as reformas realizadas polos gobernos borbónicos na Mariña militar española, importante protagonista, á súa vez, da renovación científica, e o desenvolvemento experimentado pola súa cidade natal como sede do Departamento Marítimo do Norte (construcción de asteleiros, creación da Academia de Gardas Mariñas...). Ingresou na Armada como piloto en 1786, sendo ascendido en 1791 a segundo piloto e destinado ó Observatorio Astronómico da Academia de Gardas Mariñas de Ferrol, na que exercería, posteriormente, como profesor interino (1793) e mestre terceiro (1793) de Matemáticas.

14 O seu pensamento económico e político foi tratado someramente por F. Dopico ("José Alonso López, liberal e crítico das institucións do Antigo Réxime", *Grial*, nº 61, pp. 257-266). A súa actuación nas Cortes de Cádiz foi analizada por Roberto L. Blanco Valdés (*Rey, cortes y fuerza armada en los orígenes de la España liberal. 1808-1823*, Madrid, 1988, pp.196-199 y 305-306), aínda que cinguíndose exclusivamente ás intervencións que respondían ó tema da súa tese. Un resumo amplo da participación de Alonso López nas Cortes gaditanas pode verse na memoria de licenciatura de M^a Nieves Rodríguez Fernández (*Opus cit.*, pp. 1-62), que se limita exclusivamente, cal copista, a resumir as intervencións dos deputados galegos. A súa faceta como científico só aparece mencionada de pasada por Francisco Díaz Fierros ("La cultura científica", no libro colectivo *Los Gallegos*, Madrid, 1976, p. 444). Tamén aparece mencionada o seu labor como parlamentario en Cádiz en algunhas outras obras. Vid., por exemplo: Josep Fontana y Ramón Garrabou, *Guerra y Hacienda. La Hacienda del gobierno central en los años de la guerra de Independencia (1808-1814)*, Alicante, 1986, p. 85; Emilio La Parra López, *El primer liberalismo y la iglesia. Las cortes de Cádiz*, Alicante, 1985, pp. 243, 244 y 255-56; Miguel Artola, *La burguesía revolucionaria (1808-1874)*, Madrid, 1990, p. 95.

Canto á súa traxectoria biográfica, que trato máis polo miúdo na miña tese (*A historiografía galega do século XIX: 1808-1868*), de próxima presentación, vid.: Guillermo Escrigas, "José Alonso López, mariño e científico ferrolano", *Ingenium. Cuadernos de Historia das ciencias e das Técnicas do Grupo interdisciplinar de Traballo "R. M^a Aller". Seminario de Estudos Galegos*, nº 1, Sada-A Coruña, 1988, pp. 129-131; M. Murguía, *Diccionario de escritores gallegos*, Vigo, 1862, pp. 56-7; B. Vicetto, *Historia de Galicia*, Ferrol, 1873, t. VII, pp. 508-514 (citamos pola edición facsímil de 1979); Gonzalo Gayoso Carreira, "Papeletas Bibliográficas". Las "*Consideraciones Generales*" de José Alonso López", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XXII, fasc. 66, Santiago, 1966, pp. 117-128.

En 1803 foi nomeado comisario de Camiños de Galicia e, en 1808, comandante de Enxeñeiros das fortificacións da ría de Ferrol.

A ruptura de 1808 marcou o inicio da carreira política de Alonso López. Ó producirse o levantamento en Galicia contra a invasión francesa, aparece formando parte da Xunta Local de Ferrol. A principios de 1810 é elixido vocal da Xunta Superior de Subsidios, Armamento e Defensa de Galicia pola provincia de Betanzos, e uns meses máis tarde nomeado deputado a Cortes en representación da propia Xunta. Nas Cortes extraordinarias revelouse como o máis activo e liberal dos deputados galegos, e, mesmo, segundo R. L. Blanco Valdés, como "uno de los más radicales liberales del Congreso Nacional"¹⁵. Durante a restauración fernandina, anos escuros na súa biografía e na vida política do país, adicouse á escrita das *Consideraciones generales*. Tras participar no levantamento liberal de 1820 e formar parte da Xunta provisional de Ferrol, volveu de novo a ser elixido deputado a Cortes, e ó finalizar o Trienio Constitucional sufriu persecución e morreu delirando cos seus perseguidores, en Ferrol, en 1824.

Nunha primeira aproximación descriptiva, poderíamos definir as *Consideraciones generales* como unha obra enciclopédica, na que Alonso López aborda diversos aspectos históricos, xeográficos, económicos, políticos e científico-técnicos de España, Galicia e a comarca ferrolá. O seu contido, a grandes riscos, é o seguinte: o primeiro tomo, que ten un carácter introductorio, trata sobre algunhas xeneralidades históricas, xeográficas, económicas e militares; o segundo, sobre historia natural (xeoloxía, bioloxía...); o terceiro, sobre poboación e economía (agricultura, comercio, facenda...); o cuarto, sobre a Mariña

15 R. L. Blanco Valdés (1988, p. 197). O mesmo autor continúa dicindo: "su ideología se puso de manifiesto en la presentación y defensa apasionada de proyectos reformistas en el ámbito económico y social, y en su apoyo a todas las causas revolucionarias -libertad de imprenta, abolición de los señoríos, de la Inquisición y de la tortura-, de las que su propuesta de crear una fuerza armada en apoyo de la Revolución burguesa no sería sino una pieza más". Un resumo das súas intervencións nas Cortes pode verse, como xa dixemos, en M^a N. Rodríguez Fernández, *Opus cit.*, pp. 1-62. Tamén se fan eco do seu labor parlamentario M. Artola, J. Fontana y R. Garrabou, e E. La Parra López, nos libros citados. Os tres primeiros mencionan os seus proxectos e intervencións en temas de Facenda Pública, unha das súas principais preocupacións, e o cuarto en temas relacionados coa Igrexa. A súa intervención parlamentaria máis coñecida tivo lugar durante o debate, en 1811, sobre a abolición de señoríos, que iniciou el mesmo solicitando: "Que se destierren sen dilación del suelo español y de la vista del público, el feudalismo visible de horcas, argollas y otros signos tiránicos e insultantes de la humanidad, que tiene erigido el sistema del dominio feudal en muchos cotos y pueblos de la Península, particularmente en los del reino de Galicia". O seu discurso, que foi publicado no seu momento por José M^a Blanco White no seu periódico *El Español* (Vid. M. Moreno Alonso, "Introducción" en *Cartas de Juan Sin Tierra (crítica de las Cortes de Cádiz)*, de J. M^a Blanco White, Sevilla, 1990, p. 39), recolleuno E. Tierno Galván na súa edición das *Actas de las Cortes de Cádiz. Antología* (Madrid, 1964, 1964, t. II, p. 761).

e os distintos aspectos científico-técnicos relacionados coa mesma (construcción naval, astronomía...); o quinto, sobre enxeñería; e o sexto, sobre a guerra e os sucesos contemporáneos ó autor. No seu conxunto, a obra ten un marcado carácter político, ata o punto de que é difícil atopar temas, aínda os científico-técnicos, que escapen a este tratamento. Nada estraño nunha época na que, en palabras de Alcalá Galiano: "La política, y exclusivamente la política del momento, se convirtió no sólo en el tema de toda clase de escritos, sino hasta de toda clase de pensamientos"¹⁶.

Pasando do plano descriptivo, diremos que as *Consideraciones Generales* é un texto que, coma o seu autor, atópase da cabalo entre os séculos XVIII e XIX. É clara a súa afiliación ás obras descriptivas do setecentos sobre países ou provincias, á historiografía ilustrada e ós escritos histórico-políticos das primeiras décadas decimonónicas. A súa relación coas descripcións do s. XVIII, nas que se trataba de sistematizar informacións de carácter diverso (xeografía física e humana, economía política, ciencias da natureza..) sobre un territorio, baixo a idea de que a base de toda política debía estar no coñecemento previo da realidade do país, é posta de manifesto polo propio autor, que se lamenta da carencia "en España de noticias científicas de sus países, y de una geografía exacta y curiosa que hiciese conocer este reyno en todas sus partes", e avoga pola realización de "descripciones generales y particulares hechas en forma con conceptos científicos" (como a súa obra sobre a comarca ferrolá), que "presentarían grandes ideas y luces al gobierno español para promover con acierto cuando quisiese la prosperidad general..."¹⁷. Tamén é clave a relación da obra coa historiografía ilustrada. Características presentes no texto, como a ampliación do obxecto da historia (Alonso López aborda sempre, en maior ou menor medida, a historia e progresos das distintas materias: agricultura, comercio, bioloxía, xeoloxía, Mariña...) ou a utilización desta para promover a reforma da sociedade, son propias da historiografía ilustrada¹⁸, e o seu autor exemplifica perfectamente ó novo

16 A cita de Alcalá Galiano, pertencente a súa obra *Literatura española del siglo XIX*, está extraída do texto de Claude Morange, "La "Révolution espagnole" de 1808 a 1814, Histoire et écritures", VV.AA., *La Révolution française: ses conséquences et les réactions du "public" en Espagne entre 1808 e 1814*, París, 1989, p. 63.

17 J. Alonso López, *Opus cit.*, t. I, vol. 1, pp. 39-41. Sobre as Relacións de viaxes e as descripcións xeográficas, económicas e científicas no s. XVIII vid.: Horacio Capel, "Geografía y Cartografía", na obra colectiva *Carlos III y la Ciencia de la Ilustración*, Madrid, 1988, pp. 99-126.

18 A historiografía ilustrada, cando aborda as distintas materias, plantéxase, en palabras de J. A. Maravall (1972, pp. 253-4), "una introducción bajo unos enunciados similares al siguiente: "del origen, progresos y estado actual de ...". Sobre a historiografía ilustrada en España vid.: J.A. Maraval (1972, pp. 250-286); M. Moreno Alonso (1979, pp. 147-174); e A. Mestre Sanchís (1979, pp. 299-345, e máis concretamente pp. 331-343).

historiador que propugnaba Voltaire no seu opúsculo *Novas consideracións sobre a historia*, aquel que tivera como divisa a frase de Terencio: "soy hombre y nada de lo que es humano me es extraño"¹⁹. Por último, a filiación das *Consideraciones generales* ós escritos histórico-políticos, nacionalistas e liberais das primeiras décadas do s. XIX está patente nos capítulos adicados ós sucesos contemporáneos e na lectura liberal e nacionalista da historia de España, mostras dunha nova escritura irrealizable no país con anterioridade á ruptura de 1808. Neste sentido, a obra de Alonso López está ligada á súa actividade política, concretamente á súa condición de deputado liberal nas Cortes de Cádiz, ata o punto que moitos dos temas de economía e política desenvolvidos no texto foron tratados durante o período parlamentario, e algúns, en concreto, polo mesmo autor²⁰.

Do mesmo xeito, os aspectos científico-técnicos do libro gardan relación coa formación e actividades profesionais do liberal ferrolán: os tomos adicados á Mariña e á Enxeñería son un claro exemplo desta ligazón²¹.

19 Voltaire, "Nuevas consideraciones sobre la historia", en *Opúsculos satíricos y filosóficos*, Madrid, 1978, p. 178.

20 Por exemplo, os relativos á Facenda Pública, Agricultura ou forzas armadas. Ademais das súas propostas e intervencións, Alonso López tamén formou parte de varias comisións parlamentarias en Cádiz, nas que se trataron temas que logo aparecen desenvolvidos no seu libro. Entre outras, pertenceu ás comisións de Comercio, Mariña, Agricultura e Facenda. Vid. M^a Nieves Rodríguez Fernández, *Opus cit.*; y R. L. Blanco Valdés, *Opus cit.*

21 Como dixemos anteriormente, a formación científico-técnica de Alonso López é filla da renovación científica española do s. XVIII, impulsada sobre todo durante o reinado de Carlos III e que "fructificó en buena parte durante los decenios inmediatamente anteriores a la Guerra de la Independencia" (J. M^a López Piñeiro, V. Navarro Brotóns e E. Portela Marco, "La actividad científica y tecnológica", en *Enciclopedia de Historia de España* dirixida por M. Artola, Madrid, 1988, t. 3, p. 303). Mais concretamente, a súa formación está ligada á Mariña, unha das institucións que canalizará a nova ciencia por medio da asimilación de coñecementos e técnicas foráneas, e que impulsará o desenvolvemento da astronomía, a cartografía, a mecánica, a enxeñería, as matemáticas (que xogaban un papel central nos estudos das Academias da Mariña), as ciencias da natureza, etc. Estas, e outras materias, son abordadas por Alonso López nas súas *consideraciones generales*, nas que manifesta, ademais, o seu coñecemento dos autores europeos máis relevantes do s. XVIII nos distintos campos das ciencias e das técnicas. Tamén expresa na súa obra algunhas das características da ciencia ilustrada española da segunda metade do s. XVIII: a concepción da ciencia como ciencia aplicada ou a necesidade, a falta do "espíritu de invención", de impulsar o "espíritu de imitación". Así mesmo, repetidas veces propugna o fomento das ciencias e das institucións científicas en España, crítica os escritores que no s. XIX citan os antigos e non consultan os "Naturalistas y observadores modernos", combate as supersticións populares e "los errores del vulgo sostenidos por sacristanes", e resalta continuamente a diferenza entre a "razón natural" e a "ciencia", entre o "práctico rutinario" e o "geómetra", entre o "ver" e o "ver con conocimiento". Sobre a ciencia española no s. XVIII e o papel xogado pola Mariña na renovación científica vid.: J. L. Peset e A. Lafuente, "El conocimiento y el dominio de la naturaleza: la ciencia y la técnica", en *La época de la Ilustración*, t. XXXI

Podemos dicir que ciencia e política marcan definitivamente a obra e a biografía de Alonso López²².

2. Os "sucesos" históricos de España nas "Consideraciones generales".

Un pequeno resumo das historias de España, Galicia e Ferrol, máis o relato dos sucesos contemporáneos acaecidos entre 1808 e 1820, a nivel nacional, provincial (galego) e local (ferrolán), constitúen a temática histórica abordada por Alonso López na súa obra²³. A esta temática habería que engadirlle as consideracións históricas do autor, tan propias da historiografía ilustrada, sobre a Mariña, o comercio, as contribucións..., nas que reflexa, sobre todo, a súa visión da decadencia de España²⁴. A seguir trataremos de

da *Historia de España* dirixida por J. M^a Jover Zamora, Madrid, 1987, vol. I, pp. 347-394; e VV.AA., *Carlos III y la ciencia de la Ilustración*, Madrid, 1988. Sobre todo os traballos de A. Lafuente e J. L. Peset (pp. 27-79), Manuel A. Sellés (pp. 81-98 y 173-186) e Horacio Capel (pp. 99-126).

22 Para Alonso López ciencia e política deben estar íntimamente relacionadas. Frente a política baseada na ambición das nacións e na guerra, propugna a concepción da política como ciencia exacta. Nun escrito que envía a Godoy en 1807, pídelle a Napoleón que cese na guerra, faga a paz e instaure un tribunal permanente de concordia, ó que se adherirán tódalas nacións, e "en el cual se trate siempre de los intereses generales de la humanidad, con la misma precisión rigurosa con que el geómetra somete a sus exámenes los accidentes del mundo físico..." (Opus cit., t. VI, vol. 3, p. 136. A cursiva é nosa).

Por outra parte, non debemos esquencer, como apunta J. M. Maravall (1972, p. 258), que a ciencia está estreitamente ligada á historiografía ilustrada, en canto é a máxima expresión, para os ilustrados, da vida civil, novo obxecto de atención dos historiadores. O mesmo Maravall (p. 267) cita a varios historiadores ilustrados españoles que se adicaron tamén ó estudio das ciencias.

23 Os capítulos adicados por Alonso López ás historias e ós sucesos contemporáneos de España, Galicia e Ferrol son os seguintes: "Sucesos más memorables de España", "Sucesos más memorables de Galicia", "Generalidades históricas más principales del Ferrol, y de sus territorios contiguos" (Opus cit., t. I, vol. 1, pp. 1-22, 23-38 e 39-62, respectivamente); "Noticias de las batallas terrestres y navales más principales de la España, desde sus tiempos antiguos hasta el presente", "Sucesos de los empeños guerreros de los ingleses para invadir al Ferrol en los siglos XVI y XVIII", "Sucesos de la invasión del Ferrol por los ingleses, en el año de 1800", "Consideraciones generales sobre el estado del gobierno español y de la Europa, antes de la invasión de España y de Galicia por los franceses en el año de 1808", "Sucesos guerreros de los moradores de Galicia, durante su opresión por los franceses"; "Sucesos políticos y militares del Ferrol, antes de su invasión por los franceses", "Sucesos políticos del Ferrol, durante su opresión por los franceses", "continuación de los sucesos políticos del Ferrol, desde la retirada de los franceses hasta estos tiempos presentes" (Opus cit., t. VI, vol. 3, pp. 35-87, 88-94, 95-104, 105-143, 144-186, 187-201, 202-210 e 211-222, respectivamente).

24 Sería prolixo enumerar os capítulos adicados a esta temática, xa que o tratamento histórico está xeneralizado a case que tódolos temas tratados na obra. Aínda cando se refire a cuestións científico-técnicas, como por exemplo a arquitectura e a enxeñería, aborda a historia destas materias entre os pobos da antigüidade (Vid., por exemplo, "Ideas generales sobre las obras de los edificios de los antiguos", Opus cit., t. v., vol. 2, pp. 283-93).

analizar, como xa dixemos, a narración ofrecida por Alonso López dos sucesos históricos de España, sen entrarmos nos relativos ós sucesos contemporáneos de 1808-1820.

A. Mestre Sanchís ten afirmado que os historiadores ilustrados españoles non romperon coa tradición da historiografía erudita: "nunca abandonaron la búsqueda del documento y continuaron venerando la denostada erudición"²⁵. O mesmo ten manifestado M. Moreno Alonso con respecto ós que el denomina "historiadores prerrománticos", aqueles que escribiron as súas obras no primeiro tercio dos s. XIX²⁶. Non podemos dicir que esta característica se cumpra na obra de Alonso López. Na escrita da historia o noso autor nin emprega documentos, nin practica a crítica, nin tan siquiera cita as fontes historiográficas utilizadas na súa narración²⁷. Neste sentido podemos afirmar que a parte histórica é a máis feble do seu libro. E o mellor exemplo desta pobreza historiográfica podería ser o capítulo sobre as "Noticias de las batallas terrestres y navales más principales de la España...", relación de máis de 50 páxinas de episodios guerreiros, chea de datos tan pouco rigorosos e tan desorbitados como as baixas de 124.000 e 200.000 homes, que, segundo o autor, lles inflinxiron ós mouros en sendas batallas as tropas de D. Pelayo e Alfonso XI²⁸. A explicación desta indocumentación e falta de crítica histórica habería que buscala, ó noso entender, na formación e labor profesional de Alonso López, eminentemente científico-técnico e arredada do campo da erudición historiográfica²⁹. Alonso

25 A. Mestre Sanchís (1979, p. 332). Vid. tamén J. M. Maravall (1972), pp. 259-263.

26 M. Moreno Alonso (1979, p. 163).

27 Pódese dicir que unicamente no capítulo adicado ás "Generalidades históricas ... del Ferrol ..." emprega explicitamente algunhas fontes historiográficas (os historiadores e xeógrafos clásicos grecolatinos) e algúns documentos. Os únicos historiadores "coñecidos" que aparecen citados en contadas ocasións na súa obra, ademais dos clásicos grecolatinos (moi utilizados polo autor nos distintos temas tratados no seu libro), son o P. Mariana (*Historia general de España*), o continuar da súa *Historia*, o mercedario J. M. Miñana, e o xesuíta Masdeu (*Historia crítica de España*. A parte utilizada é o seu *Discurso histórico filosófico sobre el clima de España, el genio y el ingenio de los españoles para la industria y literatura, su carácter político y moral*), con respecto á utilización de documentos hai que sinalar, a pesar do dito, que o autor diferencia perfectamente entre as noticias basadas en tradicións e conxeturas, moi pouco creíbles ó seu entender, e as basadas en documentos (*Opus cit.*, t. I, vol. 1, p. 58).

28 J. Alonso López, *Opus cit.*, t. VI, vol. 3, pp. 46 e 50. As cifras tan disparatadas dos participantes e das baixas nas batallas da Antigüidade e da Idade Media están relacionadas coas cifras de poboación que Alonso López atribuíra a España en tempos de Adriano, 50 millóns de habitantes, e dos Reis Católicos, 20 millóns (*Opus cit.*, t. VI, vol. 2, p. 15). Segundo F. Dopico ("José Alonso López...", p. 258) era bastante común "nos escritores coetáneos do Alonso ofrecer cifras de poboación desorbitadas para tempos idos".

29 Os autores citados no texto son un bon reflexo da súa formación. Destaca a notable presenza dos científicos e dos economistas máis relevantes do s. XVIII e do seu tempo, diante da casi total ausencia de historiadores. A obra de Alonso López responde, máis que á erudición a "una vigorosa toma de partido

López non responde á figura do historiador crítico e erudito. É un político que, ó igual que moitos políticos e historiadores da época (pensemos nun Martínez Marina), busca unha finalidade marcadamente política co seu discurso histórico. Veremos a continuación que o relato histórico non é máis que un instrumento utilizado polo liberal ferrolán para expoñer e defender as súas ideas políticas, nun momento no que o debate político se desprazou, frecuentemente, ó campo da historia.

Alonso López expón nas 13 primeiras páxinas das *Consideraciones Generales* a súa esquemática visión da Historia de España³⁰. Na idade antiga as distintas provincias españolas, nas que rexían maioritariamente gobernos democráticos, enfréntanse as invasións de fenicios, cartaxineses e romanos, rematando coa dominación dos últimos "la democracia de sus anteriores gobiernos". Coa chegada dos pobos bárbaros a dominación establécese baixo "ciertos convenios" cos nativos, que aseguran as liberdades civís e a independencia política (monarcas electivos e non hereditarios, independencia do papado). A invasión árabe, que alcanza a toda a Península menos ás provincias do norte, supón o fin da dominación goda e o inicio da independencia española. A Reconquista dá lugar á creación de "monarquías particulares" que ramatarán por fundirse nun só reino. Estas monarquías, exemplificadas por Castela e Aragón, eran constitucionais, "pues que a los estados generales de estos reinos o a sus Cortes pertenecía el ejercicio Real de la soberanía"³¹. As "libertades constitucionales de la Nación española", atacadas polos reis e os señores feudales, irían desaparecendo pouco a pouco polo descoido dos pobos e o acrecentamento do poder político dos monarcas. Os primeiros síntomas da perda das liberdades aparecerían, segundo Alonso López, durante o reinado de Fernando V, consolidándose o proceso nos de Carlos I e Felipe II. A dinastía dos Austrias marca o inicio da historia da decadencia de España, longo período caracterizado polas "continuadas guerras" que conducirán ó empobrecemento da nación. A historia da decadencia da pobo-

en favor de una información de orden social, económico y político (nós engadiríamos científico): fundamentalmente, de una información de *actualidad*" utilizando as palabras que P. Vilar adica ó comentario daquel fidalgo ilustrado catalán ó que lle aburrían as "antiguallas" e que afirmaba: "vivo con los presentes, me interesan sus costumbres y leyes, y no vivo con los pasados". Sen que esto supoña, como di o mesmo P. Vilar, a renuncia ós coñecementos históricos e á cultura clásica. (P. Vilar, "Mentalidades. Los Barba y Roca: un fondo catalán en los Archivos Nacionales franceses" (1975), en *Hidalgos, amotinados y guerrilleros*, Barcelona, 1982, pp. 159-60).

30 Alonso López, *Opus cit.*, t. I, vol. 1, pp. 1-13.

31 Id., p. 5. Na súa teima de retrotraer os principios do constitucionalismo liberal ó Códigos medievais españois, Alonso López cita como equivalentes "a la ley de *Habeas corpus*, que tienen ahora los ingleses en su constitución", as leises de "Manifestación" e de "Querrela de exceso" dos gobernos da Castela e o Aragón medievais.

ción, agricultura, industria, comercio, mariña militar e mercantil, facenda, será tratada nos capítulos que o autor adica a cada un dos temas citados. Nestas páxinas dará unha visión moi crítica da historia moderna de España, na que se orixinarían as causas estruturais da decadencia española (despoboación e decremento da agricultura, derivadas da desproporción entre persoas útiles-improductivas e riqueza seglar-eclesiástica), motivadas pola política despótica e arbitraria duns gobernos dirixidos polos intereses particulares do clero, nobreza e forzas armadas, e contrarios ós intereses xerais da nación³². A prosperidade nacional, para Alonso López, pérdese "a la par de la libertad española", xa que as nacións caen na decadencia "cuando no tienen representación congregada en que poder clamar por sus intereses y prosperidad general"³³. Resumindo, diríamos que a desaparición das antigas liberdades constitucionais sería a orixe da decadencia española, así como a reinstauración das mesmas, na lóxica do liberal ferrolán, sería o punto de partida incuestionable para a recuperación nacional.

Xa dixemos anteriormente que o relato histórico de Alonso López estaba relacionado coas historiografías ilustrada e prerromántica españolas de fins do XVIII e principios do XIX, a pesar de non compartir con éstas a tradición da historiografía erudita. A temática histórica e a utilización da historia como instrumento de reforma política, presentes nas

32 A súa visión é especialmente dura no tratamento do clero e das forzas armadas, ou en temas como o da conquista de América, criticando a política colonizadora de intolerancia, exterminio e despoxo que levaron a cabo os españois (*Opus cit.*, t. I, vol. 1, p. 94 e t. III, vol. 2, pp. 34 e 74) ou a visión dada, polos cronistas, dos indios, "como gentes, idiotas, incivilizadas, e incapaces de cultura" (t. III, vol. 2, pp. 36-37). O único reinado que se salva das súas críticas durante o longo período da historia moderna de España é o de Carlos III, tempo de goberno ilustrado no que "todo se encontraba para todo", a diferenza do posterior de Carlos IV, no que "siempre faltaba todo para todo" (*Opus cit.*, t. IV, vol. 2, pp. 24-5 e t. VI, vol. 3, pp. 105 e ss.).

33 *Opus cit.*, t. III, vol. 2, pp. 289-90. Para Alonso López son causas políticas, e non doutro tipo, as que explican o estado das nacións. Así, cando crítica a citada descripción dos indios americanos (vid. nota anterior) remata dicindo: "el cambio de circunstancias políticas de aquellos países hará conocer con extensión los talentos naturales de los Americanos, quedando avergonzados y desmentidos los que las han deprimido, pues los mismos turcos si cambiasen de sistema cambiarían de condición, y volverían a poseer y exercitar el imperio y talento de los griegos en tiempos pasados" (*Opus cit.*, t. III, vol. 2, p. 37). Fausto Dopico (*José Alonso López...*, pp. 260-1) ten salientado, no mesmo sentido, a crítica de Alonso López "ás explicacións unicasales dos fenómenos económicos e máis sociais e o seu desacordo coa existencia dunhas leis abstractas que rexirían o sistema económico... Non hai, pois, unhas leis económicas independentes das institucións e a vontade dos gobernos. Antes ben, existe un predominio da política e das leis creadas polos propios homes...".

Segundo J. A. Maravall (1972, pp. 267-69) a procura de causas para explicar os feitos históricos, propio da historiografía ilustrada, responde a "una trivialización del esquema de la ciencia", inspirado no modelo da ciencia física da época.

Consideraciones generales, confirman plenamente esta relación. O tratamento histórico da poboación, economía (agricultura, industria, comercio, luxo...), mariña ou lexislación é característico das obras de historiadores como Campomanes, Capmany, Martínez Marina ou Sempere y Guarinos, o mesmo que a tendencia a mergullarse na historia buscando as causas dos males da España da época ou, como sinala J. M. Maravall, "la información de lo que hay que corregir y de lo que en el presente comprendemos que hay que rectificar"³⁴.

Sen embargo, a visión da historia de España do liberal ferrolán, que vimos a resumir, só pode ser explicada a partir da historiografía posterior á ruptura de 1808 e do pensamento liberal. En efecto, aínda que algún aspecto da súa visión, como o declive de España a partir da idade moderna, foi compartida por certos escritores e historiadores ilustrados³⁵, o tratamento do tema por éstos dista tanto do realizado por Alonso López, como o reformismo ilustrado dista do liberalismo. Simplemente, antes de 1808 non era posible expresar públicamente en España o rexeitamento político do Antigo Réxime ou falar, como Quintana no manifesto de 1809, dos tres séculos de tiranía³⁶. Como imposible era

34 J. M. Maravall (1972, p. 282 e ss.). No mesmo sentido pronúnciase M. Moreno Alonso (1979, p. 150), e A. Mestre Sanchís (1979, p. 337). Sobre os novos campos da historia vid. J. M. Maravall (1972, pp. 255-59); R. Herr. *España y la revolución del siglo XVIII*, Madrid, 1979, 3ª reimpresión, Madrid, 1988, pp. 37-39; "El pensamiento jurídico", *Enciclopedia de Historia de España* dirixida por M. Artola, t. III, *Iglesia. Pensamiento. cultura*, Madrid, 1988, pp. 371-381. E finalmente vid. M. Moreno Alonso (1972, pp. 148-9 e pp. 160-1, 484-7, 491-5 e 495-9, sobre Campomanes, Capmany, Martínez Marina e Sempere y Guarinos, respectivamente).

Ó abeiro desta reflexión sobre o pasado de España, deste espertar da conciencia histórica e nacional, do historicismo nacionalista, produto, ó igual que o nacionalismo renovado, como xa mostrara Meinecke (*El Historicismo y su génesis*, México, 1943) e sinala J. Varela Suances (*La Teoría del estado en los orígenes del constitucionalismo hispánico (Las Cortes de Cádiz)*, Madrid, 1983, pp. 15 e ss.), "del fecundo movimiento de la Ilustración, que así evidencia su bifronte y contradictorio carácter", nacerán as ideas e tópicos presentes nas Cortes de Cádiz (Constitución histórica, leis fundamentáis...). J. Varela ("La élite ilustrada ante las nuevas ideas: actitudes y contradicciones", Enrique Moral Sandoval (Coordinación e Introducción), *España y la Revolución francesa*, Madrid 1989, p. 71) sinala que o historicismo nacionalista, como outras características do liberalismo español posterior ten as súas orixes a finais do s. XVIII.

35 R. Herr. (1988, p. 284) afirma que os "pensadores ilustrados desarrollaron una interpretación de la historia peculiarmente suya. Según ésta, España había alcanzado su auge en la Edad Media. Su decadencia empezó en el siglo XVI, después de la muerte de los Reyes Católicos". As críticas á monarquía dos Austrias tamén están presentes, como xa sinalara F. Dopico (1978, p. 252), nos ilustrados galegos.

36 R. Herr (1988, p. 289) sulíña como "La pretensión de resucitar la libertad pasada se podía mencionar dentro de las fronteras nacionales únicamente en privado". Xusto G. Beramendi (*El nacionalismo gallego en el primer tercio del siglo XX*, tese doctoral inédita, Universidad de Santiago, 1981, p. 148) afirma que un ilustrado preliberal como Lucas Labrada, a pesar de ofrecer unha visión protoliberal da historia de España na súa *Descripción económica del Reyno de Galicia* (Ferrol, 1804), "no da nunca el paso de proponer una revolución política (muy pocos lo dan en España antes de 1808) y en esto no traspasa el horizonte

utilizar a historia para lexitimar a monarquía constitucional, as Cortes de 1810, as liberdades civís e para facer unha crítica radical da Igrexa e do papado. Finalmente, antes da creación polas Cortes de Cádiz da Nación como categoría constitucional e suxeito político, non era posible a existencia dunha historia de carácter e suxeito nacional³⁷. Queda claro, pois, que a visión da historia de España de Alonso López, a pesar das súas débedas historiográficas e de ser obra dun home de formación ilustrada, supón unha ruptura coa historiografía española anterior a 1808 e só pode ser comprendida como produto das ideas e das circunstancias políticas do seu tempo³⁸.

del despotismo ilustrado". Antonio Elorza (1989, pp. 103 e ss.) ten mostrado como os homes contrarios á monarquía absoluta (Cañuelo, Arroyal) sufriron dende 1789 "silencio forzado" e "estrecha vigilancia". Mesmo un ilustrado moito menos radical como Jovellanos escribía en 1800: "La época presente, si buena para meditar y escribir, no lo es aún para publicar" (A. Elorza, p. 96). Un último exemplo. As críticas de Alonso López á conquista de América eran impensables no s. XVIII. A. Mestre Sanchís ("La imagen de España en el siglo XVIII: apologistas, críticos y detractores", Actas del Simposio sobre "Posibilidades y límites de una historiografía nacional" (Madrid, 8-12, marzo, 1983), Madrid, 1984, pp. 235-8) cita como único o de Mayáns, que só se atreveu a recoñecer os abusos da colonización en carta privada.

37 Enténdese que estamos falando do concepto contemporáneo de nación. Evidentemente, e como xa teñen sinalado moitos autores, entre eles Xusto G. Beramendi (1987, pp. 16-17), "Todos los estados modernos generaron durante el Antiguo Régimen un patriotismo prenatal... El Estado español no fue una excepción a esto... Pero el primer concepto contemporáneo de nación, en cuanto comunidad soberana y organizada políticamente de determinada manera, nace siempre, y también en España, al calor del proceso de ruptura y demolición del viejo régimen. Y con él nace el primer nacionalismo español, ideológicamente liberal...". M. Moreno Alonso ("El sentimiento nacionalista en la historiografía española del siglo XIX", en *Nation et nationalités en Espagne XIX^e-XX^e s.* Actes du colloque international organisé du 28 au 31 nevs 1984, à Paris, para la Fondation Singer-Polignac, París, 1985, p. 83) afirma tamén que "El sentimiento nacionalista afloró en el panorama de la historiografía general española del siglo XIX... El proceso de constitución de esta historiografía es paralelo al del mismo hecho histórico del nacionalismo". Aínda que nas primeiras páxinas do seu traballo (pp. 67-69) realicé, ó noso entender, unha desafortunada busca do diferencialismo español ó longo da historia da historiografía, que o leva a afirmar cousas tales como: "El sentimiento nacionalista existente de siempre en la historiografía española" (p. 64) ou "La historiografía española, desde los orígenes de la Edad Media, fue consciente siempre de la homogeneidad dentro de la diversidad de los pueblos de España" (p. 67). M. Moreno Alonso parece non entender as diferencias radicais que hai entre a *Hispania* de Isidoro de Sevilla, a nación-Reino do P. Mariana e a Nación do primeiro liberalismo español.

38 M. Moreno Alonso (*Historiografía romántica...*, pp. 172-3) suliña o nacemento desta historiografía como reflexo das novas circunstancias históricas: "... los años que transcurren entre 1808 y 1823 hace que aparezca un peculiar tipo de historiografía que la diferencia de la anterior, pese a estar hecha y realizada a cargo, en su mayor parte, de ilustrados. Surge... un gran interés por la historia política y constitucional, fruto de las ideas del momento, que marcará definitivamente la senda de la historiografía posterior". Isto non lle impide, contradictoriamente, negar a existencia dunha ruptura coa historiografía anterior: "No hay una ruptura como algunos autores han querido ver. Tanto la historiografía prerromántica

A historia de España de Alonso López é a historia da Nación española creada polas Cortes de Cádiz, coas súas categorías e entidades constitucionais: Monarquía, Cortes e liberdades civís. O seu é o relato histórico dunha Nación que gozou noutros tempos de liberdades e institucións representativas, perdidas logo polo descoido do pobo e os ataques dos señores feudais e da Monarquía, única institución Nacional subsistente ata 1808, ano no que a Nación volve a recuperar o seu protagonismo e solicita a reinstauración das liberdades e institucións perdidas. A súa narración permite a contemplación do pasado da nación constitucional e lexítima historicamente o réxime constitucional implantado en España en 1810. Lembremos como nas primeiras páxinas dos "Sucesos más memorables de España" acomete o noso autor a lexitimación histórica da monarquía constitucional: data a súa existencia na idade media (época na que se inicia a conformación da nación española mediante a unión dos distintos reinos peninsulares xurdidos da reconquista), exemplifícaa nos gobernos de Aragón e Castela e ofrece precedentes da mesma no tempo da dominación visigoda (monarquía electiva, liberdades civís), remontando ás épocas máis remotas da historia de España, ós gobernos democráticos provinciais da antigüidade pre-romana, a orixe das liberdades constitucionais da nación. Quedan, pois, lexitimadas historicamente unhas liberdades civís, unhas Cortes que exercen a soberanía e unha Monarquía identificada coa Nación constitucional. A desaparición das Cortes e das liberdades durante a Idade Moderna conlevará a pérdida de identificación da Monarquía coa Nación (gobernos nos que priman os intereses particulares fronte ó interés nacional) e será a causa principal da decadencia española, así como a súa reinstauración será, segundo Alonso López, a única alternativa ós males derivados do despotismo monárquico.

A invención histórica dunhas institucións e liberdades constitucionais da Nación xa existentes na Idade Media é unha das características propias do pensamento liberal español que agroma a partir de 1808. Antonio Elorza ten sinalado como xa nos folletos do verán de 1808 son utilizados os mitos dos gobernos do Aragón e da Castela medievais como modelos históricos para pedir a implantación dun "régimen de reformas y libertad"³⁹. Non podemos esquecer que tamén en 1808 aparece o *Ensayo histórico-crítico sobre la antigua legislación y principales cuerpos legales de los Reynos de León y de Castilla* de

-situada en el intermedio entre la dieciochesca y la decimonónica- como la de carácter netamente romántica sigue las huellas trazadas en el siglo XVIII". Parece que M. Moreno Alonso ten un empeño particular en explicar a historia da historiografía por sí mesma, sen ter en conta o momento histórico en que se produce.

39 Antonio Elorza, "Las ideas políticas", en M. Artola (dir.), *Enciclopedia de Historia de España*, Madrid, 1988, t. III, p. 164. Unha exposición máis detallada do tema pode verse en E. Martínez Quinteiro, "Liberalismo e Historia. Voluntad de ruptura", capítulo VI do seu Libro *Los grupos liberales antes de las Cortes de Cádiz*, Madrid, 1977, pp. 155-186.

Francisco Martínez Marina, quen cinco anos despois publicaría a súa *Teoría de las Cortes*, obra fundamental para a lexitimación histórica das Cortes de Cádiz na que defende o carácter liberal das Cortes medievais⁴⁰. Nas mesmas Cortes de Cádiz, na elaboración da Constitución de 1812, recóllese a idea do restablecemento dunha orde política tradicional da nación, e parlamentarios liberais como Agustín Argüelles falarán, "no del proceso constituyente, sino de la reforma constitucional de Cádiz"⁴¹. Neste sentido, Bartolomé Clavero ten salientado a importancia do debate político-histórico precedente ás Cortes de Cádiz para a constitución dunhas categorías e entidades das que se carecía: "una Monarquía identificada con la Nación, un Parlamento representativo de la nación misma y unas libertades civiles de sus Individuos"⁴².

A invención histórica deste pasado constitucional da Nación, obra dos primeiros liberais españoles é froito das circunstancias políticas do momento, ten servido para falar do historicismo nacionalista como unha das compoñentes máis características do pensamento liberal español na etapa de 1808-1814⁴³. Historicismo nacionalista que tamén está presente nas fileiras do grupo doctrinal dos deputados realistas nas Cortes de Cádiz, pois

40 As teses fundamentais da *Teoría de las Cortes* de Martínez Marina, segundo Joaquín Varela Suances-Carpegna (1983, pp. 33-4), "ya habían sido expuestas en 1808, en un escrito anónimo que Marina remitió a la Junta Central y que alcanzó gran difusión en los años siguientes". Sobre Martínez Marina e a súa obra vid. o citado libro de J. Varela Suances-Carpegna, no que se recolle unha abundante bibliografía sobre o historiador e se analizan as coincidencias e diferencias entre o historicismo do historiador e o do grupo doctrinal dos "diputados liberales de la metrópoli" nas Cortes de Cádiz, así como as súas diferentes concepcións das ideas de Nación, Representación, Soberanía Nacional e Constitución.

Dende o punto de vista historiográfico, sobre Martínez Marina e a súa obra, vid.: F. Tomás y Valiente (1988, pp. 43-46); e M. Moreno Alonso (1979, pp. 491-495).

41 Bartolomé Clavero, *Evolución histórica del constitucionalismo español*, Madrid, 1984, p. 35. M^a Cruz Seoane (*El primer lenguaje constitucional español*, Madrid, 1968, pp. 50-1) suliña a utilización máis frecuente das palabras reformar ou restaurar fronte ás de innovar ou innovación, na linguaxe empregada nas Cortes de Cádiz. M. Artola (1990, p. 42) afirma que no *Discurso Preliminar* do texto constitucional de Cádiz, obra de Argüelles, utilízase "una argumentación falaz destinada a hacer creer que en él no existían novedades "políticas". No mesmo sentido pronúnciase F. Tomás y Valiente (1988, p. 439): "Estas preocupaciones por encubrir las novedades..." revolucionarias contra la Monarquía absoluta y contra la organización jurídico-política del Antiguo Régimen bajo la apariencia de simples adaptaciones de nuestra tradición constitucional condujo a los firmantes del Discurso preliminar a sostener disparates tales como que la soberanía nacional ya estaba reconocida y proclamada en el visigótico *Liber indiciorum* (*Fuero juzgo*, dicen ellos)".

42 Bartolomé Clavero, *Manual de historia constitucional de España*, Madrid, 1989, pp. 42-43.

43 Vid., por exemplo: P. Vilar (1982, p. 217); E. Martínez Quinteiro (1977, pp. 155-186); M. Martínez Sospedra, *La constitución de 1812 y el primer liberalismo español*, Valencia, 1978, pp. 30-34; Joaquín Varela Suances-Carpegna (1983, pp. 46-51); A Elorza (1988, pp. 164-5); J. Varela, *Jovellanos*, Madrid, 1988, pp. 205 e ss.

como xa sinalara Artola: "En la lucha que mantienen los revolucionarios contra los conservadores, la tradición presta sus armas a todos por igual. Los mismos textos utilizados por autores de ideologías distintas sirven como argumentos para probar posiciones radicalmente enfrentadas"⁴⁴. Sen embargo, como apunta Varela Suances, son grandes as diferencias entre o "historicismo estático", "de franca inspiración jovellanista", dos deputados realistas, que "identificaban a la Historia con la Tradición -con una de las muchas tradiciones: la suya-; y le asignaban una misión no sólo condicionante, sino normativa"⁴⁵; e o "historicismo dinámico" dos deputados liberales, próximo pero tamén distinto ó de Martínez Marina, para os cales a Historia é condicionante, e non normativa⁴⁶. Este "historicismo dinámico" ou "racionalista" é o que nos topamos na obra de Alonso López.

44 M. Artola, *Los Orígenes de la España contemporánea*, Madrid, 1959, t. I, pp. 282-3. Vid. tamén E. Martínez Quinteiro (1977, pp. 169-71).

45 J. Varela Suances-Carpegna (1983, p. 15). Este "historicismo estático" e inmovilista está presente, por exemplo, no concepto histórico tradicional de Constitución defendido polos deputados realistas, que segundo Varela Suances, "se caracterizaba primordialmente por dos notas: en primer lugar, por carecer de valor formal específico, en segundo lugar, por conllevar la dualidad entre dos constituciones: la "material" o histórica, las antiguas leyes fundamentales, y la "formal", el texto o documento constitucional. La "verdadera" Constitución era la primera, puesto que se consideraba anterior y superior a la segunda. El texto constitucional debería limitarse a recoger y desarrollar las dispersas y diacrónicas leyes fundamentales, es decir, a formalizar unas relaciones de poder preexistentes (un Régimen), decantadas por la Historia, pero que no eran tanto a expresión de un orden pasado, cuanto el reflejo de un orden ucrónico: el pasado presente que pretendía conservarse en el futuro" (pp. 425-6). A idea histórica ou material da constitución, xunto coa teoría da soberanía compartida (Rei e Cortes), son as dúas nocións primordiais das teses realistas que, segundo Varela Suances, "pasarían a engrosar, vertebrándolo, el acervo doctrinal del posterior pensamiento "moderado" y "conservador", y se plasmarían en los dos códigos constitucionales de mayor vigencia, los de 1845 y 1876" (p. 426).

46 J. Varela Suances-Carpegna (1983, p. 15). O "historicismo dinámico" dos liberales, ó contrario que no caso dos realistas, non lles impide defender un concepto de Constitución "nacional-normativo". Para os liberales, seguindo a Varela Suances: "La dicotomía "Constitución material-Constitución formal", que se infería de las premisas realistas, carecía ahora de sentido. El documento constitucional era la única y verdadera constitución. Y no suponía la consagración o formalización jurídica de unas relaciones de poder preexistentes, decantadas por la historia, sino que, bien al contrario, se concebía como el origen y fundamento de todos los poderes" (p. 432). Segundo Varela Suances: "De igual modo que el pretender restaurar las antiguas leyes fundamentales no había significado para estos diputados el tener que partir de ellas de un modo necesario e indiscriminado, tampoco sostuvieron que... ningún precepto, ni ninguna institución, por antigua e importante que fuese, podría dejar de reformarse o suprimirse, si así lo entendían pertinente los representantes extraordinarios de la Nación, reunidos en las Cortes especiales de reforma" (p. 431). Como ben sinala Varela Suances, no caso dos liberales, tratábase dun historicismo "modulado y suavizado por la razón, de un "historicismo racionalista", en suma, que pretendía reivin-

Non se pode negar a presenza do historicismo nacionalista nas *Consideraciones generales* de Alonso López. Xa vimos anteriormente como lexitimaba historicamente no seu resume da Historia de España a Monarquía Constitucional, utilizando os fueros aragoneses ou as vellas leis de Castela, "cantera inagotable de argumentos justificativos" para os liberais, como xa sinalara E. Martínez Quinteiro⁴⁷. Noutros capítulos do seu libro, malia a súa escasa formación como historiador e, polo tanto, o seu descoñecemento das obras e fontes históricas, utiliza a *Historia* do P. Mariana ou as Partidas para negar a orixe divina do poder e afirmar a existencia da soberanía da nación nos tempos medievais⁴⁸,

dicar una supuesta "tradición liberal", distinta y más falsa que la reivindicada por los realistas y por JOVELLANOS. La clave de este historicismo liberal estribaba en establecer un hilo de continuidad entre a Monarquía estamental española y la Monarquía constitucional, y ver en esta última -al identificarla con la primera- la forma tradicional del gobierno en España" (p. 49).

Aínda recoñecendo a Martínez Marina como o precedente máis inmediato do historicismo dos liberais de Cádiz, así como as coincidencias básicas no historicismo do historiador e no dos liberais (a Monarquía constitucional como forma tradicional de goberno en España), Varela Suances suñia as diferencias radicais entre un e outro historicismo. Segundo este autor, a diferenza estribaría en que "MARINA, conecedor de los Códigos medievales, se empeña en ver sus principios plasmados en las modernas constituciones. Los liberales doceañistas, en cambio, concedores sólo de éstas, o fundamentalmente de éstas, se obstinan en retrotraer sus principios a aquéllos". O historicismo de Marina condúceo "a deformar -a medievalizar- las modernas instituciones representativas y sus principios rectores". Pola contra, no caso dos liberais, "lo que se deforman y malinterpretan no son las instituciones representativas modernas ni sus principios axiomáticos, sino las premisas y las instituciones medievales". Por iso Varela Suances afirma que "aunque MARINA pretenda ser liberal, e invoque repetidas veces a paradigmáticos tratadistas de esta corriente, no puede incluirse, en rigor, dentro del movimiento de ideas que esta corriente encarna" (todas as citas na p. 51).

Manuel Martínez Sospedra (1978, p. 33) nunha obra na que defende unha interpretación da Constitución de Cádiz oposta á defendida por Varela Suances, fala tamén da presenza do historicismo en tres grupos ideoloxicamente diferentes: os "que aspiran todo lo más a una reforma del Antiguo Régimen", os liberais e os integrantes dunha "postura intermedia", personificada por Jovellanos. Ademais de non incluír a Jovellanos no grupo doctinal realista, como facía Varela Suances, Martínez Sospedra tampouco parece diferenciar entre o historicismo e o pensamento político de Martínez Marina e o dos liberais. Ben certo é que Martínez Sospedra non realiza na súa obra un riguroso estudio dos grupos doctrinais das Cortes de Cádiz, como fai Varela Suances.

Unha interpretación distinta do pensamento político de Jovellanos pode verse en J. Varela (*Jovellanos*, Madrid, 1988) para quen "la tan manoseada constitución histórica era una constitución teñida de racionalismo..." (p. 244). Este autor nega que polo seu proxecto constitucional Jovellanos sexa incluído a carón dos "tradicionalistas" (realistas) ou nunha posición intermedia entre estes e os "revolucionarios" (liberais). Vid., sobre todo, pp. 243-251.

47 E. Martínez Quinteiro (1977, pp. 171 e ss.).

48 J. Alonso López, *Opus cit.*, t. VI, vol. 3, p. 122. Asemade, na súa intervención nas Cortes de Cádiz durante o debate sobre a abolición dos señoríos, cita como argumento un parágrafo da IV partida: "que ningún home puede ser vasallo de dos" (Vid. M^a Nieves Rodríguez Fernández, *Opus cit.*, p. 15). A utilización das

nos que, segundo a súa opinión, España destacou en política e lexislación⁴⁹, e mesmo en comercio, agricultura, navegación..., polo menos en contraposición á época da decadencia que se inicia, en liñas xerais coa dinastía austríaca⁵⁰. Este pasado anterior á decadencia parece constituírse nunha idade de ouro (morada da "felicidad perdida") a rescatar por unha nación que, en palabras de Alonso, "conservó indelible su primitivo y natural carácter"⁵¹. Nada máis falso. Como veremos, só unha lectura superficial da obra do liberal ferrolán pode levar a esta conclusión.

É certo que Alonso López, ó igual que os seus compañeiros doctrináis, retrotrae os principios da moderna Constitución de Cádiz ós Códigos medievais españoles, deformando e mal interpretando, por inxenuidade ou interese⁵², a historia. Tamén é certa a súa crenza, bastante común xa entre moitos escritores ilustrados, na existencia duns costumes

Partidas foi tamén frecuente entre os liberais, que tamén reiteraron, en palabras de E. Martínez Quinteiro (1977), "casi con machaconería las citas del Padre Mariana, como apoyatura para teorías nuevas"

J. Varela Suances (1983, p. 97) ten sinalado como algúns dos deputados liberais nas Cortes de Cádiz defenderon o dogma da soberanía nacional, aínda non aceptando dous dos principios nucleares dos revolucionarios franceses, as teses do estado de Naturaleza e do pacto social. Segundo Varela Suances, "el sorprendente recurso al que se acogieron fue -nada menos- al de proclamar que el dogma de la soberanía nacional -entendido en su más estricta y exacta acepción- era un principio tradicional de España...". A este argumento acolléronse a xeneralidade dos deputados liberais con excepción do conde de Toreno, "incluso aquellos que... habían hecho suyas las máximas abstractas del iusnaturalismo nacionalista. En realidad, puede decirse que la defensa del principio de soberanía nacional gravitó en las Cortes de Cádiz en torno a este curioso expediente historicista".

49 J. Alonso López, *Opus cit.*, t. I, vol. 1, p. 125.

50 Un resumo da súa visión da decadencia, concretada no comercio, pode verse en *Opus cit.*, t. III, vol. 2, pp. 128-130.

51 J. Alonso López, *Opus cit.*, t. III, vol. 2, p. 143.

52 J. Varela Suances-Carpegna (1983, pp. 47-49) recolle no libro citado parte do debate que enfrenta ós estudiosos das cortes de Cádiz sobre as causas e sentido do historicismo dos primeiros liberais españoles. Estamos de acordo co autor cando afirma que non se pode "explicar unilateralmente el historicismo nacionalista de los liberales y extenderlo sólo como fruto de su buena fe e ingenuidad, o como un mero subterfugio justificativo". As dúas razóns son compatibles: "la invocación a la Historia en apoyo de medidas objetivamente revolucionarias, obedecía tanto a una creencia profundamente sentida" (influencias de Ilustración española, que valorou positivamente a Idade Media, e do prerromanticismo), como "era un recurso táctico, dirigido a actuar de lenitivo contra los recelos y suspicacias de los diputados realistas y del país en general". Ademais, emgade o autor, "la referencia a una supuesta tradición nacional se presentaba como una exigencia de la misma situación histórica que posibilitó y condicionó el nacimiento de una "acción liberal" en la España ocupada de 1812". E. Martínez Quinteiro (1977, pp. 169 e ss.), na súa obra sobre os grupos liberais antes das Cortes de Cádiz, aínda admitindo o influxo do prerromanticismo, a inxenuidade e a falta de sentido histórico dos liberáis, afirma que o recurso histórico foi utilizado "como una mera táctica en la mayoría de los casos" (p. 179).

e dun "carácter nacional" español, diferentes ós das outras nacións⁵³. Agora ben, Alonso López non elabora un *Volksgeist* español⁵⁴, non mitifica ese pasado medieval da nación, nin ningún outro pasado, como tampouco tira da historia unhas leis inalterables ou unha Constitución normativa da nación. Pola contra, fala dos "siglos de barbarie del gobierno feudal", da pobreza de Europa no s. VII, da "destructora cultura" dos godos, da visoñez dos coñecementos humanos na antigüidade⁵⁵, critica repetidamente as leis e institucións antigas da nación⁵⁶ e amósase sempre moi distante de calquera intento de apoloxía nacional⁵⁷. Para Alonso López "nada puede reputarse por inmutable en esta vida, sino

-
- 53 Alonso López fai referencia ás "distintas costumbres" e ó "primitivo carácter" da nación española en diversas páxinas da súa obra, Vid., por exemplo: *Opus cit.*, t. II, vol. 1, pp. 85-6; t. III, vol. 2, pp. 161-2; t. VI, vol. 3, p. 135. Sobre a crenza no "carácter nacional" entre os ilustrados españoles vid.: J. A. Maravall (1972, pp. 275-281); e X. González Beramendi (1987, pp. 151-2 e notas).
- 54 O "Carácter nacional" español para Alonso López concrétase exclusivamente nunha serie de virtudes cívicas como a paciencia, a sobriedade, a prudencia, a reflexión, o valor, o honor, a fidelidade, a honradez, a "buena fe", a confianza... (*Opus cit.*, t. III, vol. 2, pp. 143 e 161-2). "Virtudes primitivas" que, segundo a súa opinión, conserva a nación ó través do tempo, como se puxo de manifesto na guerra da Independencia (*Opus cit.*, t. VI, vol. 3, p. 135). Isto non impide que Alonso López considere, contradecindo ó anterior, que as "virtudes no se dan ni se heredan, sino que se adquieren con esfuerzos propios" (*Opus cit.*, t. VI, vol. 3, p. 115). Realmente era imposible que Alonso López elaborara un *volksgeist* español, considerando, como veremos a continuación, a súa crenza no carácter variable e transformable das nacións e das súas leis, institucións e costumes, ó longo da historia.
- 55 J. Alonso López, *Opus cit.*, t. IV, vol. 3, p. 18; t. III, vol. 1, p. 134; t. III, vol. 2, p. 144 e t. I, vol. 1, p. 124-5, respectivamente. Na súa visión do desenvolvemento progresivo dos coñecementos humanos afirma que estes "estaban muy risoños y poco extendidos" nos tempos dos Patriarcas, sendo perfeccionados por gregos e romanos "y aumentados extremadamente en la serie sucesiva de los tiempos por las naciones modernas, a las cuales se puede decir bajo ciertos respetos que se las debe la creación metodizada y sublime de todas las ciencias, artes, política y legislación..." (t. I, vol. 1, p. 125). Para Alonso, como para os ilustrados, en palabras de J.A. Maravall (1972, p. 258): "La segunda condición que transformaba la concepción de la Historia, era el reconocimiento de una interna y necesaria estructura del acontecer. En ella habría de reflejarse una realidad cambiante, pero permanente en su estructura; una realidad animada de movimiento, pero constante en su ley; y esta ley no era otra que la del adelantamiento perfeccionador, al que se va a llamar "progreso".
- 56 Son numerosas as páxinas nas que Alonso López critica as leis e institucións da nación. Vid, por exemplo: *Opus cit.*, t. I, vol. 1, p. 115; t. III, vol. 2, pp. 130-1; t. IV, vol. 2, p. 6.
- 57 De feito, Alonso López é partidario das observacións que sobre España realizan os extranxeiros, pois: "Por esta clase de observadores, y no por los nacionales, es por donde se saben como conviene los defectos y las causas de las angustias sociales, porque los españoles dicen solamente lo que puede agrandar, sin querer comprometerse, y los extranjeros exponen siempre sin recelo lo que sienten..." (*Opus cit.*, t. I, vol. 1, p. 126).

las verdades morales y las causas y verdades físicas"⁵⁸ e, polo tanto, todo se pode reformar ou transformar: leis, institucións e costumes⁵⁹. Alonso acude á historia para "apreciar" ou "vituperar" as leis, institucións e formas de goberno establecidas polos homes, nunca para refrendar a súa existencia pola forza dos séculos⁶⁰. A historia constata, segundo Alonso, o carácter progresivo dos coñecementos humanos e o estado variable, e polo tanto reformable, das diferentes nacións ó través do tempo⁶¹. O seu historicismo, dinámico e racionalista, está moi lonxe do concebido por un Burke ou polo grupo doctrinal dos realistas das Cortes de Cádiz. Para estes, utilizando as palabras que Pierre-François Moreau adica ós escritores como Burke, "el peso histórico de una institución, la carga de matices y de equilibrio que ella ha acumulado en el transcurso de su largo vagabundeo histórico, la correspondencia que pudo adquirir con las realidades locales, las costumbres y las tradiciones, todo esto constituye una irremplazable adquisición que resulta irresponsable someter a los designios de una razón intemporal, fría y geométrica". Por contraposición, para Alonso López (seguimos a utilizar as palabras de Pierre-François Moreau): "lo que dura desde hace mucho tiempo no por eso mismo extrae de ello más derecho a la existencia, bajo el ojo implacable del debe ser. Asimismo, y no importa cuándo, se puede criticar lo que es, y exigirle que exhiba sus títulos: ninguna institución tiene más peso que el de su racionalidad"⁶².

58 J. Alonso López, *Opus cit.*, t. I, vol. 1, p. 123.

59 Para Alonso López (*Opus cit.*, t. III, vol. 2, p. 133): "... está en el orden natural de las cosas, poder reformarse una ley cuando está viciosa, suprimirse una institución sin utilidad, y crearse otra cuando se halle necesaria. Las costumbres corrompidas, las extirpa el cuidado de reformarlas...".

60 Alonso López (*Opus cit.*, t. I, vol. 1, p. 124) afirma que hai que acudir á historia "para conocer los hombres de aquellos tiempos, y poder apreciar o vituperar sus procedimientos". Segundo J. A. Maravall (1972, p. 279), para algúns dos historiadores ilustrados españois "asumir el pasado no obligaba a estimarlo todo para igual, sino a advertir críticamente qué era lo valioso, y qué era aquello que merecía condenación o, cuando menos, qué había que corregir".

61 Para Alonso (*Opus cit.*, t. III, vol. 2, p. 132); "el mundo entero ha tenido sus épocas, y en ellas estuvieron comprendidas las fatalidades y glorias de los estados y naciones en particular. Egipto y la Grecia, fueron en lo que pudieron ser, la cuna de las ciencias, de las artes, del comercio, y de los hombres célebre, y ahora gimen sus moradores en la ignorancia, en el abatimiento, y bajo el despotismo severo de un sultán" (Vid. tamén nota 30 deste mesmo capítulo). Segundo J. A. Maravall (1972, pp. 277-284), o carácter variable e reformable do estado dun pobo serían tamén supostos dos que partiron "los ilustrados españois en su programa de intervención sobre la cultura española".

62 As dúas citas corresponden a Pierre-François Moreau, "Naturaleza, Cultura, Historia", cap. 2 da *Historia de las Ideologías*, dirigida por F. Chatelet, t. II, *Saber y poder (Del siglo XVIII al XX)*, Madrid, 1978, p. 47.

A historia, lonxe de servir como refrendo de leis e institucións antigas da nación, é utilizada por Alonso López para denunciar moitas desas leis e institucións. Así, por exemplo, acode á historia para poñer de relevo a "monstruosa numeración de contribucións o impostos" existentes en España⁶³, comentando con retranca, cando critica a existencia dalgunhas destas contribucións: "son muy respetables las leyes y costumbres antiguas, aunque se hubiesen establecido algunas sen acierto y choquen siempre con la razón"⁶⁴. De igual modo actúa cando ataca a institucións como a Igrexa e o Exército. Para refrendar a política regalista e conciliarista dos deputados liberais, Alonso López cita exemplos históricos sobre o regalismo dos monarcas medievais españois ou sobre a frecuente convocatoria de concilios provinciais e nacionais nos tempos dos reis godos. Como tamén saca a relucir outros exemplos históricos para denunciar a intromisión do Papado nas políticas nacionais, a riqueza e intolerancia relixiosa do clero ou os excesos e faltas de observancia relixiosa cometidas polos eclesiásticos e os papas en tempos pasados⁶⁵. E cando trata de criticar o Exército ou o "sistema de la guerra" que o estea, volve de novo a utilizar a historia como argumento das súas denuncias. Dacordo co seu ideario pacifista, contrario á política baseada na guerra e favorable á potenciación e organización da paz universal⁶⁶, Alonso López extrae exemplos da historia para demos-

63 J. Alonso López, *Opus cit.*, t. III, vol. 2, p. 235.

64 Id., t. I, vol. 1, p. 115.

65 Entre as abundantes referencias críticas á Igrexa existentes na obra de Alonso poden verse, por exemplo, as páxinas que adica ó tema nos capítulos "consideraciones generales sobre la extensión de la pobreza en España, Galicia..." (*Opus cit.*, t. I, vol 1, pp. 99-113) e "Consideraciones generales sobre el estado del gobierno español..." (*Opus cit.*, t. VI, vol. 3, pp. 118-126). A pesar das duras críticas ó papado e ós eclesiásticos, Alonso López non amosa, ó igual que os liberais de Cádiz, unha actitude irrelixiosa. Os ataques do deputado ferrolán van dirixidos contra o poderío económico socio-político da Igrexa e contra a conducta dos eclesiásticos (utilizando as fontes bíblico-patrióticos para extraer exemplos de relixiosidade oposta á practicada polo clero español), non contra a relixión. Aínda que na súa obra Alonso López (1985, p. 36) cando di sobre os liberais de Cádiz que: "Pueden existir dudas sobre la fe católica, pero no las hay... acerca de la necesidad de mantener la religión en la sociedad". Como tampouco hai dúbidas no coidado que manifestaron os deputados liberais, expresado tamén por Alonso no texto, co sector máis probe do clero, os curas párrocos, a pesar de ser eses mesmos liberais os potenciadores dun proceso demoledor e intervencionista contra os bens e os privilexios económicos da Igrexa.

66 Son numerosas as páxinas adicadas por Alonso López a criticar a política baseada na guerra (Vid., por exemplo, as primeiras 16 páxinas do capítulo "Consideraciones generales sobre los efectos del arte de la guerra, y razón de sus progresos desde la antigüedad", in *Opus cit.*, t. VI, vol. 3). As súas propostas de extinción ou redución dos exércitos permanentes (sustitución por exércitos populares) e do establecemento dun pacto internacional entre os Estados para lograr a paz universal, teñen certas concomitancias con algunhas das ideas expresadas por Kant no seu opúsculo *La paz perpetua* (1795). Polo menos Alonso López súmase a esa "aportación decisiva" que Antonio Truyol y Serra ("Presentación", in Inmanuel Kant,

trar que "La multiplicidad de tropas que pide el sistema de la guerra, sobrecargando con ellas los Estados, obligó en todos tiempos a los pueblos a someterse bajo la dureza del gobierno militar, en el cual siempre se experimentó el despotismo, la violencia, y la esclavitud..."⁶⁷. No caso español servese, como xa vimos no seu resumo da historia de España, das continuas guerras levadas a cabo pola monarquía durante a idade moderna para amosar a carga económica que supón o exército e a política de guerra para a nación, conducíndoa ó empobrecemento. De igual xeito, valerase do exemplo dun feito histórico contemporáneo, o golpe de Estado de 1814, para afirmar que "no debe ya dejar de ser reconocido en España como un axioma político, de que los ejércitos son cuando se quiere el origen y apoyo de la tiranía", solicitando a formación dun exército de "régimen de dependencia popular, que no le deje desunir de los intereses y libertades de sus conciudadanos"⁶⁸.

A visión de Alonso López sobre a Historia de España responde a un esquema que desenvolverá de novo cando trate da Historia de Galicia e de Ferrol, así como dos sucesos de 1808-1820. A historia da nación española e a dos territorios que a compoñen (entre eles Galicia e Ferrol), pivota, dende as súas orixes ata a máis recente contemporaneidade, en torno ás liberdades constitucionais. A súa supresión conduce sempre á decadencia da nación, así como o seu restablecemento á felicidade nacional. Como dicíamos ó principio, Alonso López utiliza a historia para expoñer, defender e fundamentar o seu ideario liberal, facendo unha lectura do pasado á luz deste ideario, tal e como fixeron os seus correligionarios doctrinais nas Cortes de Cádiz. Sérvese da historia para criticar as estruturas políticas, económicas e sociáis do Antigo Réxime, denunciar ós inimigos do réxime constitucional (especialmente á monarquía absoluta, Igrexa e Exército) e fundamentar a España, utilizando a expresión de Bartolomé Clavero, "como una Nación de vocación constitucional"⁶⁹. O seu relato histórico, pobre en contido e afastado da crítica

La paz perpetua, Madrid, 1985, pp. IX-XXII) atribúe a Kant: "la idea de que la precariedad del derecho internacional sólo puede ser superada por la vía de la organización internacional" (p. XX).

67 J. Alonso López, *Opus cit.*, t. VI, vol. 3, p. 8.

68 Id., t. I, vol. 1, pp. 209 e 211, respectivamente. Alonso López xa solicitara como deputado nas Cortes de Cádiz a creación dunha forza armada popular para defender a nación contra os inimigos internos e externos. Segundo R. L. Blanco Valdés (1988, pp. 197-199), que estudia o proxecto de Alonso, "fue el primero en presentar al Congreso de los Diputados un Proyecto de creación de una fuerza armada popular que, lejos de cualquier ambigüedad funcional debía tener una misión política fundamental: defender la Revolución burgues y sus conquistas políticas y sociales".

69 B. Clavero (1989, p. 43).

e da erudición dos historiadores *avant la lettre* do seu tempo, remítenos a unha historiografía política, nacionalista e liberal, que xorde a partir de 1808 como expresión da nova realidade social e política española. Unha historiografía que se adicará durante o reinado de Isabel II a nacionalizar o pasado do novo Estado nacional.